

Reflexión Estratéxica sobre a Cultura Galega

FORO DE DEBATE

Área: POLÍTICAS CULTURAIS

Documento de introdución ao diálogo
Ramón Maiz

O presente documento pretende funcionar como **guía de debate do foro**. Está baseado nas achegas feitas polas diversas persoas que participaron na fase anterior do proceso, as respostas ao cuestionario aberto. Recolle as ideas máis reiteradas e relevantes na opinión dos e das participantes, ordenadas arredor das liñas de debate definidas para o foro.

A maior parte das afirmacións refírense ás políticas culturais en xeral das distintas administracións, tanto locais como autonómica e mesmo estatal, e levadas a cabo por diferentes forzas políticas.



DAFO sobre as políticas culturais en Galicia

	Interno	Externo
- Negativo	<p>Debilidades</p> <p><i>Accións de curto prazo, dependente dos ritmos electorais; escasa continuidade e visión estratéxica. Falta de planificación, obxectivos definidos.</i></p> <p><i>Falta de coordinación entre niveis administrativos.</i></p> <p><i>Ausencia de valoración da cultura como factor estratéxico para outros campos.</i></p> <p><i>Relevancia de concepcións reducidas da cultura (espectáculo e "lucimento mediático", prestixio asociado a personaxes famosos).</i></p> <p><i>Carencia da léxica de rendemento económico, social e institucional das políticas culturais, falta de avaliacións.</i></p> <p><i>Frecuencia de criterios políticos partidarios e personalistas na distribución dos fondos. Falta de profesionalización da xestión cultural.</i></p> <p><i>Dependencia de algúns axentes culturais, incluíndo círculos viciosos, clientelismo e dependencia e en ocasións reproducen as léxicas de parroquialismo, irracionalidade de gaste, etc.</i></p> <p><i>Escasa autorresponsabilidade do sector, adóitase procurar "alguén" de fóra que resolva os problemas.</i></p> <p><i>Ausencia de vínculos transversais con campos como a educación, a sociedade da información</i></p> <p><i>Pouca relevancia da dimensión socio-cultural e o vínculo coas comunidades.</i></p> <p><i>Reducida demanda para moitas ofertas culturais.</i></p>	<p>Ameazas</p> <p><i>Abandono das formas de consumo cultural tradicional.</i></p> <p><i>Homoxeneización cultural, e grao de recepción pasiva de consumo cultural.</i></p> <p><i>Extensión da gratuidade nos modos de consumo, e os efectos que pode ter para a industria.</i></p> <p><i>Escasa delimitación competencial de campo cultural.</i></p> <p><i>Aprecio da cultura só polo seu valor económico.</i></p>
+ Positivo	<p>Fortalezas</p> <p><i>Importante rede de infraestruturas e equipamentos culturais.</i></p> <p><i>Orzamento consolidado nas diferentes Administracións.</i></p> <p><i>Base de programación e público nalgunha disciplinas.</i></p> <p><i>Consideración positiva da cultura, como elemento de prestixio, e centralidade crecente polo valor económico.</i></p> <p><i>Experiencias exitosas en diferentes campos.</i></p> <p><i>Existe unha base de creadores de calidade.</i></p> <p><i>Industria cultural consolidada en diferentes campos.</i></p> <p><i>Certe vínculo con ámbitos clave para o desenvolvemento: turismo, deseño, gastronomía.</i></p> <p><i>Aprecio social polo valor da cultura como identidade. Encontro intercultural como forma de integración social.</i></p>	<p>Oportunidades</p> <p><i>O valor da cultura para o desenvolvemento humano: cohesión social, autoestima, calidade de vida, implicación na comunidade.</i></p> <p><i>Cambio de valores, e novo valor da cultura nas xeracións máis novas.</i></p> <p><i>O valor das políticas culturais para o desenvolvemento</i></p> <p><i>IFGs como vías para multiplicar as formas de consumo, creación, produción e distribución cultural</i></p> <p><i>A cultura como xeradora de contidos na sociedade da información.</i></p>

Área de Políticas culturais

Liñas de debate

1. Cultura como ben público, o valor intrínseco da cultura.

Valores da cultura

- Identidade como estratexia para contar no mundo, autoestima e confianza nas posibilidades propias.
- Cohesión social. Sentido de pertenza e implicación social, responsabilidade social na comunidade.
- Calidade de vida.
- Coñecemento, capital cultural como activo para o desenvolvemento persoal e comunitario.

Importante incorporar

- Centralidade da idea do pluralismo de culturas e dentro de cada cultura.
- Posta en valor da cultura na sociedade. Reconsideración do papel do investimento en cultura.
- Necesidade de novas ideas ilusionantes.

2. Democracia cultural: público e cidadanía, estratexias para aumentar o acceso e a participación.

- Desaxuste entre as ofertas e as demandas.
- Estratexias de ampliación de públicos e aproveitamento de recursos: establecemento de circuítos de difusión cultural.
- Promover un papel máis activo da cidadanía (tamén na dimensión de públicos). As políticas culturais sitúen á cidadanía no centro da súa acción. As TICs como gran posibilidade facilitadora da implicación.
- Garantir o acceso á cultura.
- Conectar con outros ámbitos para aproveitar a potencialidade cultural para a sociedade: na educación, os medios de comunicación social.

3. Gobernanza da cultura: cooperación entre Administracións e coa sociedade civil.

- Definir adecuadamente cal é o papel que corresponde a cada quen: público, privado, social; e nos niveis territoriais.



- Diseñar estratexias compartidas en ámbitos clave entre as diferentes administracións, e actores clave (pe. a obra social das caixas).
- Necesidade de proxectos motores que integren diferentes actuacións.
- Estructuras estables de participación cultural: responsables públicos, principais axentes do sector cultural, representantes do tecido social cultural e da cidadanía. No nivel galego de forma integrada, nos ámbitos sectoriais, e no nivel territorial máis próximo (Consellos Municipais de Cultura).
- Establecer un marco de diálogo e colaboración con base no respecto e a confianza entre os responsables públicos e sector cultural.

4. Planificación estratéxica da cultura: diagnóstico, plans e estratexias, desenvolvemento e monitorización, avaliación.

- Valoración e avaliación cualitativa da efectividade social.
- Completar a cadea de valor cultural: creación, produción, distribución, difusión, consumo, así como formación.
- Xerar horizontes e compromisos de cooperación a medio e longo prazo; establecer axendas estratéxicas comúns.
- Lóxicas de racionalización. Maximización dos recursos e priorización do gasto.
- Necesidade de dispor dun sistema de coñecemento da situación cultural e de cualificación para o sector e para os profesionais.
- Introducir cualificación profesional na xestión e programación cultural.
- Transparencia na asignación de recursos, e introducir á lóxica da rendición de contas (a rendibilidade social do gasto)

5. Ideas estratéxicas para a acción pública cultural:

- Impulsar un novo modelo produtivo para a cultura con base á xeración de público, establecendo unha estratexia de substitución, activando primeiro as alternativas.
- Fomentar a emprendeduría cultural, e xerar un marco favorecedor do investimento en cultura.
- Apoio efectivo á creación, á experimentación, novos creadores e cultura emerxente. E tamén conexión coas novas formas de produción e consumo cultural.
- Apertura e proxección exterior da produción cultural galega, ampliación de públicos cara a dentro e cara a fóra.

